

Biblioteca IES do Milladoiro.

Plan de trabajo. Líneas prioritarias de actuación

Curso 2022/23

Índice

1.-Introdución.	Páx.1-3
2.-Obxectivos.	Páx.3-5
3.-Organización e funcionamento.	Páx.6
4.-Plan de traballo para o curso 2022/2023	Páx.6-10
- 1º trimestre.	
- 2º trimestre.	
- 3º trimestre.	
5.-Plan lector.	Páx.11
6.-Clubs de lectura	Páx. 11
7.-Actividades complementarias e extraescolares da Biblioteca.	Páx.11-12
8.-Criterios e procedementos de avaliación.	Páx.13-14

Anexo VIII Liñas prioritarias de actuación da BE 2022/2023

1.-Introdución

Este curso como nos anteriores teremos en conta o protocolo vixente.

Desde inicio de curso, co traslado da emisora de radio a un lugar próximo, levamos a cabo unha gran transformación da biblioteca. Consequimos unha mellor distribución dos andeis e das mesas de traballo, de xeito que a iluminación e ventilación flúe libremente.

Retiramos un número importante de palas hacia o espazo exterior e recuperamos o espazo de lectura informal. Traballaremos en mellorar tamén a sinalización.

Intentaremos dar un servizo a toda a comunidade educativa no referente á xestión, préstamos, dinamización, fomento da lectura, elaboración de traballos, etc.

Contamos con un horario que non inclúe suficientes horas de gardas efectivas de traballo para o equipo de biblioteca e tampouco a hora de reunión semanal. Será, por tanto, complicado levar a cabo todas as actividades programadas. A biblioteca será utilizada polo alumnado que cursa materias a distancia ou que ten algunha convalidación. Intentaremos favorecer o uso dos recursos como ordenadores, tablets e lectores electrónicos.

Segundo as [Instrucións de comezo do curso](#) da Dirección xeral de centros de Recursos Humanos en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares, as bibliotecas dos centros educativos servirán aos obxectivos do Proxecto lector, definido como programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

As bibliotecas deberán favorecer o achegamento a libros informativos, de lectura e a outros recursos en diferentes formatos. Debe ser unha biblioteca **inclusiva** con unha dotación específica entre un 5% e un 10% do orzamento do centro. Contamos coa dotación de 3000 € para gastos ordinarios e coa dotación extraordinaria de 1420 € correspondente ao PLAMBE e esperamos tamén poder contar coa específica para clubs de lectura e a cantidade correspondente para formación do alumnado e profesorado participante no programa Radio na biblio.

A BE debe favorecer un **tratamento transversal dos contidos** e un **enfoque multidisciplinario en proxectos e actividades, promover hábitos de lectura** para o cal será necesario:” deseñar e apoiar actividades para o fomento da lectura”. Favorecerá o seu uso a todo o profesorado e a toda a comunidade educativa e terá unha vinculación estreita co Proxecto Lector do Centro, promovendo o seu desenvolvemento.

A biblioteca escolar, conforme á Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable, adoptada polas Nacións Unidas en setembro de 2015, debe proporcionar servizos e

programas que respondan ás necesidades informativas das persoas que integran a comunidade educativa.

A biblioteca debe ademais favorecer á **alfabetización múltiple** entendida como: comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes escritos, impresos ou en versión electrónica. Tratándose dunha competencia esencial para á vida, dunha porta cara o resto das aprendizaxes. Procurarase unha coordinación entre o equipo de apoio á biblioteca e o de TICS así como o uso, tanto das Aulas de Informática, como dos postos informáticos da biblioteca.

Teremos tamén como referencia a orde do 11 de maio de 2022, pola que se convoca o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos para o curso 2022-2023 que recolle as orientacións da Consellería en relación á organización e funcionamento das BE.

Para dar continuidade ao traballo dos cursos anteriores solicitaremos en coordinación coa equipa de EDNL a **renovación do programa “Radio na biblio”**.

Actualizaremos a sección de inmersión lingüística con material específico de español e de galego para estranxeiros, así como, na medida do posible, unha sección de linguas que aporta o alumnado (portugués, italiano, ...) co obxectivo de facelas visibles e que permita unha práctica da lectura na propia lingua materna, preferentemente en horario non lectivo.

Como foi recollido na solicitude de renovación do PLAMBE 2022-2023 a biblioteca será un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, contribuirá a desenvolver programas de integración das TICs e proxectos innovadores.

Tendo en conta estas directrices, durante o curso 2022-2023, o equipo da biblioteca, xunto coa Dirección e a colaboración e apoio da comunidade educativa, tentará levar a cabo unha serie de actuacións e de actividades para achegarnos a un modelo de biblioteca aberto, funcional e dinámico que responda as esixencias educativas actuais. Preténdese continuar coa colaboración dos distintos departamentos, de toda a comunidade educativa e das Bibliotecas da contorna.

A biblioteca pode ser un lugar estratéxico para o desenvolvemento dos programas como PROA, IGUALA-T, QUEDA-T, etc.

Nesta Programación incluimos o Plan de traballo anual, que recolle de xeito temporalizado as actividades da biblioteca referentes a xestión, funcionamento, dinamización e difusión. Inclúese tamen o **Anexo VIII** da documentación que a principios do pasado mes de xuño foi entregada na Consellería para a **Renovación do PLAMBE 22/23**. Desde a biblioteca promocionaranse os documentos elaborados nas reunións do pasado curso recollidos na web do centro como os acordos TIL.

Seleccionarase unha serie de datas, segundo os obxectivos do PLC, ás que a BE prestará especial atención e buscaremos a colaboración dos departamentos para que, na medida

do posible, tanto o desenvolvemento de actividades de dinamización como a posta en práctica de diferentes proxectos sexa interdisciplinar.

A renovación do PLAMBE permitirá a adquisición de novos fondos de lectura, que se engadirán aos fondos correspondentes ao orzamento ordinario do centro para este curso.

Tentaremos facer da biblioteca un espazo físico e **virtual** ao que acudir para consultar e facer traballos de investigación, traballos por proxectos, encontrar respostas, facernos novas preguntas..., e tamén un lugar onde axudar a desenvolver o pensamento crítico, e a desenvolver a competencia da expresión oral en varias linguas, pero en particular en galego, seguindo o lema das BE para este curso: **Escribir a Biblioteca Escolar**. Enmarcaremos neste lema unha serie de accións e de actividades que favorezan o uso da palabra (oral e escrita) como reunións dos clubs de lectura, gravacións para a radio, debates, recitado de poemas, contos, pequenas representacións teatrais, etc. Promoverase o respecto polos recursos culturais como os da propia biblioteca, polo medio ambiente, tamén colaboraremos co Plan de **convivencia** do centro e promoveremos os valores democráticos, o respecto polos Dereitos Humanos, non só coa celebración de días sinalados para tal fin, senon tamén a través de outras actividades en colaboración con varios departamentos que van desenvolver proxectos como “Radio na biblio”, etc.

2.-Obxectivos

-Promover entre a comunidade educativa o uso (tamén virtual) do espazo físico da biblioteca para aprendizaxe, prácticas pedagóxicas, lectura, busca de información, reunións de clubs de lectura, realización de tarefas, etc.

-Favorecer e coordinar varios clubs de lectura presenciais e virtuais.

-Dotar á Biblioteca dos medios necesarios para o seu axeitado funcionamento coa ampliación de fondos de consulta e de lectura.

-Proporcionar ao alumnado a formación necesaria para utilizar os recursos dispoñibles de forma crítica e autónoma.

-Apoiar ao profesorado nas súas necesidades de recursos para o desenvolvemento de proxectos, do proxecto lector e das actividades pedagóxicas dentro e fóra da aula. Promoverase unha coordinación entre o equipo de biblioteca e o ENDL, profesorado responsable das TICs e o equipo de actividades complementarias e extraescolares na programación de actividades.

- A biblioteca apoiará tamén o traballo por proxectos, que o profesorado de distintos departamentos levan a cabo cada ano.

- Poñerase en marcha de novo o proxecto: “**Radio na biblio**”, **convocatoria do 11 de outubro** coordinado por Valentina Formoso coordinadora do equipo de ENDL.

-Xestionar de forma centralizada todos os fondos dispoñibles no centro, tanto os que se atopan fisicamente na Biblioteca como os dos departamentos, coa axuda do *Programa Meiga*.

-Facer da Biblioteca un elemento integrador e compensador das desigualdades, poñendo ao alcance do alumnado con dificultades as novas tecnoloxías e os materiais precisos para o desenvolvemento da súas capacidades satisfacendo as súas NEAE, como se recolle nas Instrucións para o presente curso a BE debe idear fórmulas para atraer ao alumnado que precise adaptacións acordes ás súas necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE).

-Facer da biblioteca un espazo de **inclusión**, onde todo o alumnado, e en particular o máis vulnerable, encontre un lugar de respecto e desenvolvemento persoal.

-Fomentar a lectura para despertar no alumnado unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna e mellorar as súas competencias lingüística e artística.

-Difundir e promover os acordos TIL tendo en conta a nova lexislación.

-Converter a Biblioteca a través da presenza nas redes no Centro Cultural do Instituto, con exposicións conmemorativas, temáticas, de autores, de novidades literarias, exposición de traballos do alumnado, ou da información da axenda cultural do barrio e a cidade.

- Integrar a cultura impresa e a dixital imprescindible na sociedade actual, poñendo a disposición de alumnado e profesorado os equipos informáticos, a sección de fondos audiovisuais, mantendo ademais actualizados o blog da biblioteca, o do club de lectura e a páxina web do centro.

-Promover o uso da biblioteca, facela accesible grazas a unha boa colocación e sinalización dos fondos (aínda en proceso).

-En canto ao espazo físico da biblioteca, este curso será factible ofrecer unha diversidade de espazos, servizo de préstamo áxil e eficaz, uso dos ordenadores, máis mesas de traballo, sillas, etc. levar a cabo actividades presenciais e virtuais de promoción da lectura, etc.

-Promover, como vimos facendo estes últimos anos, **agora de xeito tamén non presencial** unha serie de actividades (clubs de lectura, certames, exposicións, concursos, lecturas en grupo, teatro, creacións literarias colectivas, etcétera) en colaboración con outros departamentos e coa Dirección, incidindo en particular nas actividades relacionadas coa **animación á lectura, a loita contra as desigualdades, a igualdade entre homes e mulleres, os principais temas da Axenda 20-30, etc.**

-Dotar a biblioteca dun Fondo local, recollendo as suxestións da Asesoría de Bibliotecas, en colaboración coas bibliotecas da contorna, así como coa a BPM do Milladoiro e o Concello de Ames.

-Continuar a mencionada colaboración con outras bibliotecas (Ánxel Casal, BPM de Milladoiro); actividades conxuntas dos posibles clubs de lectura non presenciais (CPI de Ventín, outros IES), elaboración de Guías de lectura de Nadal e de Verán

3.-Organización e funcionamento

A Biblioteca escolar estará xestionada e organizada por un equipo de biblioteca composto por 3 membros formado por: Luciano Fernández Martínez, (2 horas) María Jesús Barral Otero (1 hora) e a coordinadora Margarita Rodríguez Ponseti, con unha dedicación horaria de 4 horas. Consideramos que o número de horas (tanto na coordinación como para o equipo) de gardas efectivas na biblioteca son insuficientes para desenvolver todo o traballo programado.

Haberá tamén outro profesorado que colabore de xeito habitual para coordinar clubs de lectura, proxecto “Radio na biblio”, actividades de dinamización, etc.

A biblioteca abrirá todos os días durante os dous recreos e permanecerá aberta durante un período de horas, a día de hoxe de 7 horas, ademais dos recreos. Durante todo o horario lectivo, estará a disposición do profesorado e intentaremos que tamén do alumnado. Ademais, a persoa responsable formará parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro e da **Comisión de biblioteca** dentro do Consello escolar e informará nas reunións de Claustro de profesores das accións que se leven a cabo.

En canto á xestión, os fondos seguirán a ser clasificados segundo a CDU, empregando o *Programa Meiga*. Darase a máxima difusión ás actuacións da biblioteca entre toda a comunidade educativa mediante correos electrónicos, boletíns, información nos taboleiros, reunións do profesorado, **blogs**, páxina web do centro, Instagram, etcétera.

4.-Plan de traballo para o curso 2022/23

1º trimestre

a) Xestión técnica e organización

-Envío por parte de todos os departamentos das propostas do Plan de lecturas anuais, así como das actividades que se desenvolverán na biblioteca ou en colaboración con esta. Unha vez reunidas todas as propostas, o equipo procederá ao estudo e posta en marcha das medidas necesarias para a súa aplicación (adquisición de novos recursos, programación de actividades, etc.)

-Actualizaremos a sección adicada á biblioteca na páxina web do centro coa finalidade de facilitar o acceso ao préstamo de xeito sinxelo a través dun formulario que se deberá cubrir con antelación e que permitirá evitar aglomeracións fóra e dentro da biblioteca; Deste xeito o préstamo presencial axilizarase ao reducir os tempos de espera.

-Elaboración de carnés da biblioteca para o alumnado e o profesorado novo. Será enviado aos titores e titoras para a súa difusión entre o alumnado.

-Reorganización de andéis, cartelería, adquisición e catalogación de fondos documentais.

-Revisión e ampliación do repositorio de recursos electrónicos por departamentos dentro da sección de “Biblioteca- Recursos” (páxina web do centro, na sección de Biblioteca-Recursos).

-Revisión das peticións feitas polos departamentos en canto as súas necesidades básicas en fondos documentais, lecturas obrigatorias ou do Plan lector. A medida que os departamentos fagan as compras de fondos, estes pasarán á biblioteca para a súa catalogación.

-Adquisición das novas lecturas obrigatorias e reforzo, se o consideramos necesario, das existentes. Varios departamentos atenderon as suxestións da biblioteca (recollidas na CCP de finais de xuño de 2017) en canto ás lecturas obrigatorias (rotación por trimestres, varios títulos para escoller, etc.) co cal esperamos que os libros máis solicitados poidan ser utilizados por un maior número de alumnos. Contaremos coa colaboración doutras bibliotecas, en particular a BPM do Milladoiro a cal enviamos listaxes de lecturas obrigatorias e recomendadas para que, na medida do posible, procedan á adquisición destes títulos. Tamén contaremos coa colaboración doutras bibliotecas escolares e non escolares.

-Adquisición de novos fondos para aproximarse á porcentaxe dun 60% de libros de consulta, informativos, específicos das distintas áreas curriculares, tendo en conta as recomendacións do proxecto lector e as necesidades do alumnado con especiais dificultades. Utilizaremos tanto o orzamento extraordinario de **1420 €** para fondos de lectura do **PLAMBE 22/23**, así como a parte restante do **orzamento ordinario do centro**.

-Subscricións, tanto on-line como en papel, a publicacións en galego, en castelán e quizás tamén en linguas estranxeiras.

-Verificación e avaliación do funcionamento da biblioteca no tocante aos préstamos, comunicación cos titores, departamentos, alumnado, etcétera. Para isto enviaremos información ao claustro e ás familias sobre o uso da biblioteca segundo o protocolo.

-Mantemento dos equipos informáticos e audiovisuais.

-Actualizacións dos blogs e páxina web do centro nos temas relacionados coa biblioteca.

-Participación na convocatoria de **Clubs de lectura** para este curso.

-Participación no proxecto “**Radio na biblio**”.

-Participación na convocatoria de **Bibliotecas Solidarias**, no apartado de Voluntariado na BE. Os voluntarios participarán ademais no proxecto Radio na biblio.

b) Dinamización

-Formación de usuarios.

Haberá unha sesión formativa ou varias, se é posible, organizada en colaboración co profesorado de garda e as titorías. Parte da formación farase na propia aula coa axuda dun proxector e tamén de xeito práctico na biblioteca en pequenos grupos. Serán explicadas unhas orientacións básicas sobre os medios dixitais (como facer buscas nos Catálogos das bibliotecas para acceder dixitalmente á información de fondos) e impresos (libros de consulta, enciclopedias, dicionarios, xornais...) cos que conta tanto a nosa biblioteca biblioteca como outras bibliotecas escolares ou non escolares, para que todo o alumnado da ESO e BACHARELATO poida acceder a eses recursos bibliográficos e audiovisuais dunha forma áxil e eficiente.

Realización de actividades para coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU e as distintas seccións en que están distribuídos. Irán destinadas preferentemente ao alumnado que se incorporou ao centro este curso (1º de ESO), e se é posible, para 2º de ESO e outros cursos. Tamén durante as gardas o equipo recordará o acceso aos catálogos.

Faranse actividades para conmemorar as seguintes datas: **Día Internacional das bibliotecas**; **Samaín** en colaboración con EDNL e outros departamentos; 4 de novembro, **Día da Ciencia en galego**, **25 de novembro**, **Xornada pola eliminación da violencia de xénero** e **10 de decembro**, lectura en varias línguas dos Dereitos Humanos.

-Fomento da lectura

As actuacións referidas ao fomento da lectura na biblioteca terán como marco de referencia as actividades previstas no Plan Lector de Centro.

c) Difusión

Difundiranse a toda a comunidade educativa os recursos cos que conta a biblioteca e os que vaia adquirindo, sobre todo a través do correo electrónico, do [blog da biblioteca](#) e da páxina web do centro, tamén utilizaremos Instagran. Na medida do posible e, en colaboración co Concello de Ames, co Concello de Santiago e con asociacións culturais e deportivas, informaremos sobre as actividades culturais e de ocio e tempo libre, que sexan interesantes para a comunidade educativa. Seguiremos en contacto coa Biblioteca Municipal do Milladoiro, coa Ánxel Casal e coas Bibliotecas da contorna.

-Elaboración de contidos en soporte dixital para o **monitor exterior**, poden ser presentacións, anuncio das novas da biblioteca, últimas adquisicións literarias, convocatorias, fotos, gravacións, concursos, etc.

-Actualización dos *blogs* da biblioteca e da páxina web do centro.

2º trimestre

a) Xestión técnica e organización

-Novas adquisicións, tanto de fondos de consulta como de lectura.

-Verificación e avaliación do funcionamento da biblioteca no tocante aos préstamos, comunicación cos titores, departamentos, alumnado, etcétera.

-Comunicación cos departamentos para realizar novas peticións de recursos, se fose necesario.

-Adquisición e catalogación do novo material seleccionado.

-Mantemento de equipos informáticos e audiovisuais. Actualizacións dos *blogs*.

b) Dinamización

Formación de usuarios: actividades de manexo de fondos e de formación de usuarios

Traballos colaborativos por proxectos de xeito non presencial, **Radio na biblio**, e tamén actividades puntuais daqueles departamentos que acudan á biblioteca para a busca, selección e produción de información.

Fomento da lectura e da escritura

-Estudaremos a posibilidade de levar a cabo concursos literarios organizados polo equipo de dinamización da biblioteca, en colaboración con varios departamentos, con premios para os gañadores: concurso de poemas ou relatos, Concurso de fotografía con texto, Certame de lectura en voz alta ou de lectura dramatizada...

-Commemoración do Día da paz, 8 de marzo

c) Difusión

Actualizacións dos *blogs* e da páxina web.

Información ao profesorado e ANPAS das actividades da biblioteca durante o 2º trimestre, así como as do 3º trimestre. Información das actividades culturais do Concello.

3º Trimestre

a) Xestión e organización

-Verificación e avaliación do funcionamento da biblioteca en canto aos criterios de préstamo de fondos, comunicación cos titores, departamentos, alumnado, etcétera. Comunicación cos departamentos para que fagan novas peticións de recursos se fose necesario. Mantemento dos equipos informáticos e audiovisuais.

-Reorganización de andeis e catalogación dos fondos documentais.

-Formación de usuarios: práctica da utilización dos catálogos dixitais en rede das bibliotecas.

-Continuación dos traballos por proxectos, Radio na biblio.

-Elaboración das memorias da biblioteca, dos proxectos desenvolvidos como Radio na biblio, incluídas as Memorias económicas, solicitude de Renovación do PLAMBE 2023/24.

-Envío da documentación correspondente á convocatoria de Bibliotecas Solidarias para que os axudantes poidan recibir o diploma que acredite o traballo desenvolvido durante o presente curso.

b) Dinamización

Fomento da lectura

Para acadar os obxectivos do Plan Lector referido á biblioteca promoveremos as seguintes actuacións no terceiro trimestre:

-Celebración de datas sinaladas: fomentar a lectura compartida presencial e **non presencial** e tamén da lectura individual de textos (narrativos, descritivos, dialogados, expositivos, argumentativos, teatrais, poéticos, etc.)

-Conmemoración do Día do libro, Letras galegas.

-Elaboración de carteis e presentacións **en soporte dixital** para anunciar as novas da nosa biblioteca e as últimas adquisicións literarias, as Letras galegas, etc.

-Organización de **visitas virtuais** de escritores, ilustradores, animadores culturais, contacontos, actores, etcétera.

-Conexión telemática desde a biblioteca con conferencias, charlas de divulgación científica, etc.

-Exposicións conmemorativas acompañadas de recensións de alumnos.

-Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais.A colaboración co Departamento de Orientación e a Dirección farase indispensable para contar cun número de fondos bibliográficos básicos que permitan paliar as desigualdades socioeconómicas do noso entorno, así como fondos destinados ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

-Apoio a outros programas e proxectos de aula/ centro.

Colaboración extensible a todos os departamentos, tanto no día a día das clases, como no **desenvolvemento de proxectos** que se levarán a cabo ao longo do curso 2022/2023.

c) Difusión

-A biblioteca intentará volver a ser un espazo vivo e aberto a pesar das restricións; a comunicación con toda a comunidade educativa será constante. As actuacións e actividades intentarán implicar a un número importante de profesoras e profesores, a todo o alumnado, persoal non docente e as familias.

Utilizaranse os blogs, a páxina web do centro, os correos electrónicos, redes sociais, etc.

-O labor dos titores e a participación doutros departamentos, da Dirección e, por suposto, do equipo da biblioteca será a base dun bo funcionamento.

5. Plan Lector de Centro.

-Dentro dos obxectivos que figuran no Plan Lector de Centro recollemos dous que supoñen a implicación directa da biblioteca:

-Fomentar o hábito lector mediante a integración de todas as actuacións referidas á lectura dos distintos departamentos didácticos e da biblioteca.

-Incorporar e utilizar a Biblioteca Escolar como un recurso imprescindible e un factor de compensación social.

Para acadar estes obxectivos levaremos a cabo as seguintes actuacións:

-Aplicar o **Plan Anual de lectura** ordeado por materias e cursos onde se recollen as propostas de lectura dos departamentos didácticos e todas as actuacións referidas á animación á lectura da biblioteca.

-Elaborar guías de lecturas e exposicións na biblioteca coas novidades literarias adquiridas pola biblioteca.

-Difundir o caderno de suxestións de compras para contar cunha relación das peticións bibliográficas e audiovisuais dos departamentos e tamén do alumnado, que posibilite a súa compra dun xeito rápido

-Potenciar o uso da Biblioteca como **espazo didáctico tanto presencial como virtual**.

-Celebración de datas sinaladas co obxectivo de fomentar a lectura compartida ou individual de textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos ou argumentativos e con cabida tamén, como en cursos anteriores, para a **poesía e o teatro**.

6. Clubs de lectura

Solicitaremos de novo a participación na [convocatoria de clubs de lectura](#) e intentaremos crear varios clubs de distintas idades e de temática diversa, así como manter o de profesorado.

Estudaremos a posibilidade de levar a cabo tamén algún de xeito virtual ou algunha lectura compartida entre varias clases ou varios centros educativos.

7.-Actividades organizadas pola BE

Levaremos a cabo diversas actividades en colaboración cos distintos departamentos, que Terán como obxectivo o **fomento da lectura**, a contribución á **alfabetización múltiple** e ao **desenvolvemento das competencias básicas** do alumnado. A biblioteca do IES do Milladoiro estará presente nas redes sociais: páxina web, blogs, instagran, etc.

1º trimestre

Reorganización dos novos espazos: traslado da emisora de radio a un cuarto próximo á biblioteca e recuperación de espazos para mesas de traballo e andéis.

Solicitude dos **clubs de lectura**. Posta en marcha dos mesmos.

-Participación na convocatoria do proxecto **“Radio na biblio”** que dará continuidade ao traballo do pasado curso.

- Día Internacional das Bibliotecas. Entrega de diplomas con actuacións musicais.

-Samaín. Exposicións. Lectura de relatos terroríficos.

-4 de novembro: Día da Ciencia en galego. Exposición de fondos e actividades.

-25 de novembro: Xornada pola eliminación da violencia contra a muller.

-10 de decembro: Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Lectura en varios idiomas.

2º trimestre

-Saídas didácticas.

-8 de marzo: Día da muller. Exposicións e actividades.

-Concursos literarios. Fomento da escrita.

Actividades para clubs de lectura:

-Lecturas con alumnado doutros centros. (Visita a Ventín, outros)

-Encontro con escritoras e escritores.

3º trimestre

-Commemoración do día do libro

- Semana das Letras galegas

-Renovación PLAMBE 2023-2024

- Elaboración das memorias correspondentes ao PLAMBE, Radio na biblio, etc.

-Colaboración coas bibliotecas escolares dos centros públicos de Ames e tamén con bibliotecas non escolares, así como co Concello e coas familias a través da Comisión de Biblioteca. Levaremos a cabo varias publicacións conxuntas como as Guías de lectura de Nadal e de Verán.

Outras actividades. Pódense programar de xeito presencial ou telemático concursos, sesións de contacontos, concursos, encontros con escritores, asistencia a exposicións ou actividades relacionadas coa lectura e a escrita, sen datas polo momento previstas, dentro ou fóra do horario letivo.

8.-Criterios e procedementos de avaliación

a) Criterios de avaliación

Grao de cumprimento dos obxectivos propostos no proxecto. Valoraremos o grao de consecución ou non consecución e, de ser o caso, analizarase o porqué.

Actividades desenvolvidas. Analizaranse as actividades dedicadas ao fomento da lectura, apoio ao Plan Lector, formación de usuarios e alfabetización informacional, apoio aos programas de aula-centro, integración da cultura impresa e a dixital, apoio á compensación das desigualdades sociais.

Análise e valoración dos materiais creados polo equipo de apoio á biblioteca. Analizarase a repercusión de tódalas producións elaboradas polos profesores do grupo (guías de lectura, blog, manuais para usuarios, unidades didácticas, etcétera).

Organización dos recursos humanos do centro. Valoraremos se foi suficiente a dedicación do grupo de apoio á biblioteca e se é necesaria a ampliación de dito grupo.

Dotación dos recursos materiais da biblioteca. Valoraremos se os recursos materiais cos que se dotou a biblioteca foron suficientes para suplir as demandas dos usuarios da biblioteca.

Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa. Observarase en que medida a biblioteca contribuíu á mellora do rendemento escolar.

Grao de satisfacción do grupo de apoio á biblioteca co traballo realizado.

Faremos un seguimento e valoración do traballo trimestre a trimestre.

Cumprimento do Plan Lector do Centro. Analizaremos os logros e incidencia de dito plan.

Grao de implicación na biblioteca da comunidade educativa. Valoraremos a repercusión das actividades da biblioteca, das de dentro e tamén das que transcenden as portas da mesma como os materiais elaborados e expostos, as colaboracións con outras bibliotecas da zona, etc.

Actividades de formación do profesorado. Valoraremos as actividades realizadas polo equipo da biblioteca, relativas á xestión técnica, ao fomento da lectura, a educación documental, asistencia a cursos de formación, etcétera.

b) Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación e rexistro dos procesos e resultados obtidos nos mesmos.

Blog da biblioteca, Blog do club de lectura, páxina web do IES do Milladoiro.

Realización de enquisas por parte do alumnado e do profesorado.

Rexistro dos libros implicados no servizo de préstamo.

Memoria de actividades realizadas durante o curso 2022-2023.

Asdo.

Margarita Rodríguez Ponseti